

TEMPOS DE REFLEXIÓN E NOVIDADE

Os momentos en que nos enfrontamos á tesitura de despedir un ano e comezar outro son sempre propicios para a reflexión e a novidade. A reflexión sobre o acontecido nos últimos meses no terreo do poético e as novidades con que as editoriais acostuman a agasallarnos por estas datas. Nunha ou noutra destas coordenadas móvense os fíos das obras que hoxe centran a nosa atención.

Voltando sobre o 1997, debemos saudar como proposta máis arriscada e innovadora a do selo "Letras de Cal" que naceu como un espacio aberto para todos aqueles sen posibilidade de acceder a outras vías de publicación e xa nos ten revelado, na súa curta andadura, a catro voces novas. Os volumes iniciais, *A primeira visión* de María Lado e *Propiamente son captivo* de Celso Fernández Sanmartín, tiveron un grande eco tanto no público lector como na crítica que saudou a chegada destas manifestacións poéticas con entusiasmo. Cos seguintes números *-Ruído de motos* de Kiko Neves e *Quen nos defende a nós dos idiotas?* de Igor Lugris-, a editora demostra que a súa aposta decidida caeu en terreo fértil e asegura unha necesaria continuidade no seu labor.

Engrosando a nómina das autoras que se deron a coñecer neste último ano (como, entre outras, Mónica Góñez, Emma Couceiro ou Cristal Méndez Queizán), María Lado ofrécenos a súa primeira visión poética, *"un plano das rutas que perseguen os meus sentidos"*, tal e como indica na lapela do seu libro. O eu insiste en descubrimos a ruptura lóxica nas súas asociacións de imaxes, en levarnos á fronteira do irreal para espetarnos que *"Se a mente esperta e acaba o rumor do subconsciente/ abre un furado na resurrección/ e enterra en sal os meus libros"* pois nada hai fóra dese ámbito escuro e por veces caótico, fóra do sindicato dos pobres, do sexo proscrito, do solimán e da calada adolescencia. María Lado móvese nas coordenadas do mito, o sexo e a morte, en temas xa estereotipados pero que admiten aínda novas lecturas como a súa.

Pola contra, Celso Fernández Sanmartín -poeta que se veu desenvolvendo, ata o de agora, no espacio da autoedición- segue a construír os universos naïf e minimalistas que xa nos amosara naquela obra sen título que nolo descubriu en 1995 (da que demos conta no número 698 deste semanario). *Propiamente son captivo* evidencia, porén, unha opción un tanto surrealista, o gusto por unha linguaxe máis complicada e críptica que acentúa esa veta de volta á natureza con preocupación ecolóxica, de denuncia do dano, de deseño da infancia como paraíso perdido. A un tempo, o simbolismo do cósmico estrapólase a outras facetas como a erótica: *"por baixo do vestido, co pube decorado de pementón e/ limón verde e os beizos da vulva con aceite de améndoas/ e pranas de sangue amargas que non derreten desde que/ lle cortaron a cabeza á osa os que lla cortaron"*.

Kiko Neves ofrécenos en *Ruído de motos* unha obra directa, viva e desacougante. É a súa unha poética do inmediato que se aproxima ó ton monolóxico e teatral facendo do eu lírico instrumento que denuncia a agresión acústica. A cidade enténdese como un espacio fragmentario, incómodo, masificado onde a alienación impide acadar a plenitude. Só a brevidade do silencio dominical é un refuxio efémero para ese malestar pero sempre haberá unha moto disposta a romper o engado co seu estrondo pois "*Os mellores momentos/ das cidades/ -que son poucos, cativos-/ sempre son fodidos/ polo ruído das motos*".

E, finalmente, Igor Lugrís deseña un poemario misceláneo onde ten cabida unha veta social e de denuncia mesturada co intimismo amoroso e certos indicios existenciais desacougantes. O noso entorno, agresivo e poboado de idiotas pechados na súa individualidade, só perxudica a un ser que se amosa perdido entre todo este magma de enganos. A búsqueda da verdade é case unha misión titánica fronte á mentira e as súas consecuencias funestas pero as dúbidas deben resolverse canto antes: "*Sube ao vento e berra berra berra/ Somos a xente de sempre/ Necesitamos aínda o silencio/ Onde está o paraíso perdido?/ Existiu a terra prometida?// E lembra que temos dereito a ser felizes/ igual que as estrelas os deuses e as pedras*".

Xa no apartado de novidades, é tempo de falarmos dos tres novos volumes que viron a luz na colección "A Illa Verde" de Espiral Maior. Esta tríada plural inclúe a terceira obra poética de Miro Villar: *Abecedario da desolación* -cando xa se anuncia ese *Equinoccio de primavera* que mereceu o accésit do Premio Esquíu do 1997-; o volume inicial de Manuel Darriba: *Calor* e a traducción dos *Himnos á noite* de Novalis efectuada por Jaime Santoro de Membiela.

Abecedario da desolación é unha crónica desgarradora do mergullo que a voz poética fai na súa soidade ata derivar nunha auto-destrucción consciente que inclúe tamén ó seu entorno. A perda do amor é a excusa perfecta para -da man dos poetas amados que se fan presentes nas citas que encabezan os textos- amosar a ferida existencial dun ser que declara malvivir no abismo, sempre a un paso de despeñarse sen remedio. A "*fisiognomía polo tempo estragada,/ gastada no traxecto dos días e das horas/ viaxadas polo mesmo percorrido na cidade/ bonaerense, un rostro vello o deste tranvía/ histórico que achega na tarde o teu recordo*" amosa o rostro da desolación máis absoluta, a face desencaixada daquel que sube á barca de Caronte sen moeda con que aboar a viaxe de volta. A singradura polos infernos devén nun periplo sen saída pois a pesadume no corazón é tal que nada pode truncar un destino intuído xa desde os primeiros versos. Mais aínda cabe unha mínima esperanza, un intento de superación dos espacios desolados e fríos carentes de corpos capaces de humanizalos. Así, na coda chegan ó poema aires de futuridade: "*aproveito unha coda*

nunha estrofa de envío/ para deixar no verso final esa esperanza/ débil, ese amargor máis profundo,/ co verme máis nocivo. reparo o meu sorriso/ namentres un fragmento de min nace diverso".

Tamén se vincula á saudade a obra con que Manuel Darriba se achega ó noso espacio poético. *Calor* é un poemario reflexivo onde o outono se consolida como vehículo adecuado para que aflore a evocación do verán que xa rematou. As vivencias estivais perdidas derivan nunha dor suave que nace da proximidade dun inverno capaz de extinguir totalmente os cálidos ecos desas lembranzas inscritas aínda na "*memoria dos días, no seu pálpito*". Mais nada é tan destructivo como o sentimento de desamparo fronte ó tempo que se esvae e así "*deprimen/ as tardes de domingo/ esa luz tan cansa, vervos/ só de vez en cando/ que se acabe o verán tódolos anos*".

E, antes de rematar, saudaremos a chegada dunha voz que xa nos era parcialmente coñecida pola súa participación no volume colectivo *De mar e vento*. Modesto Fraga ofrécenos desta volta a obra galardonada co premio "O Grelo" 1997, *Do amor salgado*, para iniciarnos nunha imaxe máis ampla do seu verso que ostenta aínda a frescura dos primeiros froitos. A súa poética devala polo pánico desolador que imprime no ser a ausencia daquela que se amou ata o límite. Se "*Existes porque habitas/ a distancia que nos une co tempo*" para malgastar os días no sabor da paixón vestindo un corpo nu co delirio dos versos, nada queda tras da loucura e a entrega, de nada serve na ardentía revivir esa esperanza plena que só atinxen os que aman senón bucar de novo "*Amar xuntos de novo/ no viaxar constante da tenrura,/ desexando a éxtase/ de estarmos xuntos no equinoccio/ dos beixos, na paixón/ da derrota final cando vencemos*". Pechamos esta crónica, pois, con poemas dun amor tan salgado como aquilo que fire máis fondo e nos convoca á lágrima, con versos evocarmos a tristeza máis humana.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 820, 5-3-1998, p. 24